

MATRÍCULA CAMPAMENTOS DE VERÁN 2021

D./Dna. _____

con DNI _____ teléfono _____

correo electrónico _____

como pai/nai/titor-a de _____

habendo cursado no ano académico 2020-2021 _____

preinscrito/a no campamento (**especifique destino**): _____

PRESENTO, XUNTO CON ESTA MATRÍCULA:

- Copia da tarxeta sanitaria
- Certificado médico (só no caso de padecer enfermidade que deba ser reflectida)

Para facer efectiva a matrícula, deberá aboar o importe do campamento nos prazos establecidos nas follas de autoliquidación que reciba no seu correo electrónico. NON É NECESARIO ADXUNTAR XUSTIFICANTE DE PAGO (comprobarase de oficio).

PARADA DE AUTOBÚS

- MILLADOIRO (Casa da Cultura) BERTAMIRÁNS (Pazo da Peregrina)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Declaro baixa a miña responsabilidade que o meu fillo/a non asistirá ao/os campamentos de verán no caso de:

- Ter diagnóstico positivo por COVID-19 segundo os criterios médicos vixentes
- Presentar sintomatoloxía COVID-19 (tos, febre, dificultade respiratoria) nos 14 días previos á participación.
- Haber tido contacto estreito ou compartido espazo sen a distancia con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días previos á participación.

Feito que se poñerá en coñecemento do Concello.

Así mesmo declaro que:

- Sabe nadar Non sabe nadar
- Ten condicións físicas e de saúde que lle permiten participar nas actividades.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

DATOS MÉDICOS E DE INTERESE. (Engadir informe médico se o considera preciso)

Non se administrará ningún medicamento non prescrito nin autorizado.

TIPO	DESCRICIÓN	MEDICACIÓN PRESCRITA (dose e horario de selo caso)
ALERXIAS E INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS		
OUTRAS ENFERMIDADES		

Cumprimente as observacións que considere oportunas para a mellor estancia do/a seu fillo/a.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

AUTORIZACIÓNS

É **imprescindible** marcar todos epígrafes onde corresponda

AUTORIZO **NON AUTORIZO** ao monitorado do campamento á administración do/s medicamento/s prescritos ao meu fillo/a na/s dose/s e no horario especificado, eximindo de toda responsabilidade ao Concello de Ames e ao monitorado.

AUTORIZO **NON AUTORIZO** ao monitorado do campamento para que en caso dunha emerxencia ou porque as circunstancias o fagan aconsellable, poidan trasladar ao antedito/a participante ao centro de saúde, domicilio, etc.

AUTORIZO **NON AUTORIZO** ao Concello de Ames a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de sons deste evento organizado polo concello no que apareza o/a antedito/a participante, ben a título individual ou formando parte dun grupo. Poderán destinarse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Ames, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

AUTORIZO baixo a miña responsabilidade, a recoller ao meu fillo/a, ás seguintes persoas maiores de idade:

D/Dna.: _____, DNI: _____

D/Dna.: _____, DNI: _____

MEDIDAS PREVENTIVAS COVID´19

Os Centros:

- En todos os casos garantírase o cumprimento de protocolos de seguridade, así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.
- Os monitores/as velarán pola seguridade da actividade mediante o control diario da declaración de saúde de cada participante na entrada das instalacións, o axeitado cumprimento dos protocolos e normas de seguridade establecidos; e, se fose preciso, o control da temperatura dos participantes.
- Estableceranse medidas para a protección específica de todos os grupos vulnerables e de risco social en función das súas necesidades específicas.

Os Usuarioss:

- Uso obrigatorio de máscaras a requerimento do monitor cando non se poida manter a distancia de 1,5 m.
- Cumprimento das medidas de prevención que indiquen os/as responsables da actividade.
- Manter a distancia interpersoal (1,5 metros).
- Lavar frecuentemente as mans con auga e xabón, ou solución hidroalcohólica. Especialmente importante lavarse despois de tusir ou esbirrar ou despois de tocar superficies potencialmente contaminadas. E recomendable o lavado frecuente especialmente ao inicio e ao fin de actividades en instalacións que son utilizadas masivamente ou de uso compartido.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

- Se comezas a notar síntomas, avisa aos responsables da actividade, extrema as precaucións de distanciamento e hixiene e contacta de inmediato co teu médico de atención primaria ou co teléfono de atención a COVID-19.

- *Información relativa ao tratamento dos seus datos persoais:*

- O responsable do tratamento dos datos achegados pola persoa solicitante é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica do concello, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.
 - Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal, no interese público e no consentimento das persoas interesadas nestas actividades.
 - O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.
 - Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión á empresa que presta o servizo “CAMPAMENTOS DE VERÁN”; se fose necesaria algunha outra cesión a terceiros, será previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.
- As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal

Asdo.

Ames a de de 2021

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES